

DOCUMENTO:

MEMORIA TÉCNICA VALORADA

REFERENCIA:

MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN  
DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO:  
PRAIA DE BALARÉS, HERMIDA E OSMO E RUTA PRG-148

SITUACION:

CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)

PROMOTOR:

CONCELLO DE PONTECESO. CIF: P1506900H



Concello de  
Ponteceso

DATA:

FEBREIRO DE 2017

ARQUITECTO:

JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RAÍDO. Número de colexiado: 2268 C.O.A.G

M E M O R I A T É C N I C A V A L O R A D A

I





# MEMORIA TÉCNICA

<b>MD 1 OBXETO</b> .....	<b>5</b>
<b>MD 2 INFORMACIÓN PREVIA</b> .....	<b>5</b>
MD 2.1 AXENTES .....	5
MD 2.2 DENOMINACIÓN DA OBRA .....	5
MD 2.3 SITUACIÓN. ....	6
<b>MD.3. ADECUACIÓN DA ACTUACIÓN AOS CRITERIOS DE SUBENCIOANLIDADE</b> .....	<b>7</b>
MD 3.1. MARCO NORMATIVO.....	7
MD 3.2. ACTUACIÓNS SUBENCIONABLES.....	8
MD 3.3. NECESIDADE DA ACTUACIÓN .....	9
MD 3.4. BENEFICIARIOS .....	10
<b>MD.4. DESCRIPCIÓN DO PROXECTO</b> .....	<b>11</b>
MD 4.1. PRAIA DE OSMO .....	11
MD 4.1.1. DESCRICIÓN XERAL.....	11
MD 4.1.2. ESTADO ACTUAL .....	12
MD 4.1.3. ACTUACIÓNS.....	12
MD 4.2. PRAIA DE HERMIDA.....	13
MD 4.2.1. DESCRICIÓN XERAL.....	13
MD 4.2.2. ESTADO ACTUAL .....	14
MD 4.2.3. ACTUACIÓNS.....	14
MD 4.3. PRAIA DE BALARÉS .....	15
MD 4.3.1. DESCRICIÓN XERAL.....	15
MD 4.3.2. ESTADO ACTUAL .....	16
MD 4.3.3. ACTUACIÓNS.....	16
MD 4.4. RUTA PRG-148 .....	17
MD 4.4.1. DESCRICIÓN XERAL.....	17
MD 4.4.2. ESTADO ACTUAL .....	18
MD 4.4.3. ACTUACIÓNS.....	18
<b>MD.5 RELACIÓN DE MATERIALES E ACABADOS PROPOSTOS</b> .....	<b>19</b>
MD 5.1. PARÁMETROS QUE DETERMIÑAN AS PREVISIÓNS TÉCNICAS CONSTRUTIVAS .....	19
MD 5.1.1. SISTEMA ESTRUTURAL.....	19
MD 5.1.2. SISTEMA ENVOLVENTE / VARNADAS.....	20
<b>MD.6 RELACIÓN DETALLADA DOS MOBLES E EQUIPAMENTOS</b> .....	<b>21</b>
MD 6.1. SISTEMA DE MOBLES E EQUIPAMENTOS .....	21
MD 6.2. SINALIZACIÓN .....	21
<b>MD.7 REPORTAXE FOTOGRÁFICA</b> .....	<b>22</b>
MD 7.1. PRAIA DE OSMO.....	22
<b>MD.8 ORZAMENTO</b> .....	<b>23</b>
MD 8.1. ORZAMENTO DESGLOSADO POR PATIDAS .....	30
MD 8.2. PRAZO DE EXECUCIÓN.....	30

**Anexo orzamentario:** Medicións e orzamento.

**Anexo gráfico:** Planimetría do estado actual e estado reformado.





## MEMORIA DESCRIPTIVA

### MD 1 OBXETO

O Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Ponteceso encarga pola presente a redacción dunha Memoria Técnica Valorada con fin de ter coñecemento do marco, alcance, definición e custe das obras de “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO: PRAIA DE BALARÉS, HERMIDA E OSMO e RUTA PRG-148”, para axuntar a solicitude de acordo a *RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2017.*

### MD 2 INFORMACIÓN PREVIA

#### MD 2.1 AXENTES

<b>PROMOTOR</b>	Público:	Concello de Ponteceso. CIF: P1506900H Rúa Concello, 18, 15110 Cospindo, A Coruña Teléfono: 981 71 44 00
-----------------	----------	---

<b>TÉCNICO</b>	Arquitecto:	José Luis Martínez Raído con N.I.F 76.412.777-S C/ Manuel Murguía 7 Baixo, 15011 (A Coruña) Teléfono: 981 21 31 30 Colexiado Nº 2268 do C.O.A.G. Coruña
----------------	-------------	--


#### MD 2.2 DENOMINACIÓN DA OBRA

As obras obxecto da presente memoria, que se describirán a continuación, se denominan: “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO: PRAIA DE BALARÉS, HERMIDA E OSMO e RUTA PRG-148”.

### MD 2.3 SITUACIÓN.

As obras previstas se sitúan no ámbito do Concello de Ponteceso e máis concretamente no marco da Praia de Balarés, Praia de Hermida e Praia de Osmo, estas dúas últimas preto do núcleo de Corme. Así mesmo, as obras prevén actuacións de mellora nun tramo de 1,4Km da ruta PRG-148 pertencente tamén o concello de Ponteceso, A Coruña.

País: España  
Comunidade Autónoma: Galicia  
Provincia: A Coruña  
Comarca: Bergantiños



Praia de Balarés.



Praia de Hermida.



Praia de Osmo.



Tramo da ruta PRG 148 Ponteceso – Corme.

## MD.3. ADECUACIÓN DA ACTUACIÓN AOS CRITERIOS DE SUBENCIONABILIDADE

### MD 3.1. MARCO NORMATIVO

LEI 7/2011, DO 27 DE OUTUBRO, DE TURISMO DE GALICIA

A **Axencia Turismo de Galicia** créase en virtude da autorización contida na disposición adicional cuarta da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, como unha axencia pública autonómica que terá como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Entre os obxectivos básicos da Axencia están o desenvolvemento do turismo na comunidade autónoma de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; a potenciación do turismo como un factor de crecemento económico, a valorización dos recursos turísticos e o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión CE(2016) 8144, do 18 de novembro, establece diversas medidas dirixidas á mellora da calidade de vida nas zonas rurais e á diversificación da economía rural. Esas medidas están financiadas, igual que as restantes que integran o PDR, polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración xeral do Estado.

Esta actuación encádrase dentro da medida M07 (Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais) do PDR de Galicia 2014-2020 e, concretamente, na submedida 7.50 destinada ao apoio aos investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, información turística e **infraestrutura turística a pequena escala**.

Con esta submedida perséguese a potenciación do turismo como un factor de crecemento económico, a valoración dos recursos turísticos e o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

De acordo co anterior, e dado que o desenvolvemento rural galego debe abordarse desde unha perspectiva integral, prevese o apoio a actuacións de diferente natureza, que a Axencia Turismo de Galicia materializa a través da **concesión de subvencións ás entidades locais** para o **fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos** no medio rural.

### MD 3.2. ACTUACIÓNS SUBENCIONABLES

As subvencións reguladas polo marco normativo anteriormente exposto teñen por obxecto o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural para a consolidación da oferta turística a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Para os efectos desta resolución, terán a consideración de **pequenas infraestruturas turísticas** aquelas cuxo **investimento sexa inferior a 120.000 euros** (IVE excluído).

Son subvencionables as actuacións de mellora da accesibilidade e da sinalización nos seguintes recursos:

- A Miradoiros e outros espazos de interese paisaxístico.
- B **Praias marítimas**, fluviais, encoros, fervenzas...
- C Bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.
- D Sendeiros galegos homologados pola Federación Galega de Montañismo.
- E Rutas en centros BTT de Galicia pertencentes á rede da Xunta de Galicia.
- F **Rutas e infraestruturas de interese turístico.**

En materia de accesibilidade poderán ser obxecto de axuda as seguintes actuacións:

- A Construción, ampliación ou mellora de aparcadoiros para o acceso aos recursos.
- B Creación das infraestruturas necesarias para o acceso ao recurso.
- C **Construción de pasarelas, ramplas**, aparellos elevadores e **eliminación de barreiras arquitectónicas que melloren o acceso ao recurso e os itinerarios de visita.**
- D Construción ou adecuación de aseos adaptados para persoas con diversidade funcional.


Respecto á sinalización poderán ser obxecto de axuda as seguintes actuacións:

- A Nova sinalización en estradas.
- B **Paneis interpretativos.**
- C Ferramentas tecnolóxicas que sirvan aos fins establecidos nestas bases (aplicacións para teléfonos intelixentes, códigos QR, tecnoloxía NFC, audioguías...).
- D Colocación de postes e outros elementos consonte os criterios de homologación de sendeiros e os específicos dos centros BTT de Galicia.
- E **Retirada de sinalización obsoleta, redundante ou deteriorada.**

A proposta en particular que se achega definida nesta memoria técnica e os seus documentos anexos, abranguen unha serie de actuacións cuxa natureza, definición construtiva e importe permiten a súa consideración como pequenas infraestruturas turísticas subvencionables tendentes a cubrir as seguintes necesidades:

### MD 3.3. NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Ponteceso é un Concello da provincia da Coruña e diocese de Santiago de Compostela que ocupa o extremo máis oriental da Costa da Morte.



Limita polo norte e polo oeste co **Océano Atlántico**, polo sur co concello de **Cabana de Bergantiños** e co concello de **Coristanco** e polo leste co concello de **Carballo** e co concello de **Malpica de Bergantiños**.

A extensión municipal é de **91,78 km<sup>2</sup>**, ten **catorce parroquias** e setenta e tres entidades de poboación, onde residen **6,696 habitantes**. Ten dous núcleos urbanos: **Ponteceso** (capital do concello) e **Corme Porto** (vila mariñeira).

É un concello alongado de oeste a leste en case 20 km, de grande diversidade morfolóxica e cunhas formas de relevo que se caracterizan por ser o máis accidentado da comarca e adquirir, ás veces, o aspecto de terra de montaña, a pesares da escasa altitude dos seus montes.

Moi preto ao litoral corren unha serie de altozanos, en forma de pequena serra, dende o **monte Nariga** (223 metros) ata **O Roncudo**, onde se alza o Alto das Vixías (187 metros). Polo seu lado, o **Monte Branco** é o punto dende onde se divisa Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe e a **Enseada da Ínsua**, onde se define un areal e conxunto de dunas de case dous km de lonxitude e uns catrocentos metros de anchura media. Esa area trepa polas ladeiras do Monte Branco ata o Alto das Travesas.

A **zona costeira** é elevada, con grandes cantís, só interrompidos polas pequenas calas areosas de **Niñóns** e a **enseada da Barda**. Dentro da ría, esa costa faise máis amable e recollida con excepciónais praias de area branca de valor paisaxístico e turístico inigualable. **Osmo e Ermida**, próximas a Corme Porto, a de **Balarés** e **A Barra** en Ponteceso, e as de **Santa Mariña, Morro e Niñóns** na parroquia de Niñóns.





Ámbito turístico do Concello de Ponteceso.

Localización das praias de Osmo,  
Hermida, Balarés e ruta PRG 148.

Con todo, o Concello de Ponteceso posúe una riqueza natural e paisaxística que opera como un gran polo turístico sobre unha gran extensión do territorio galego. O ámbito de influencia turística atrae un importante número de visitantes que xunto cos residentes gozan dos seus recursos: praias, montes, rutas, etc.

O feito de disfrutar desta enorme riqueza natural, supón tanto a realización de importantes investimentos xa realizados como a solicitude de axudas e subvencións xa que o Concello asume un custo de mantemento moi elevado para dar resposta a esta demanda turística.

As obras de mellora que se pretenden realizar na praia de Osmo, praia de Hermida, praia de Balarés e nun tramo concreto da ruta PRG 148 xustificanse na necesidade de dotar ou mellorar a accesibilidade así como a súa sinalización co obxectivo de achegarse a ditos recursos naturais en condicións de plena seguridade.

Estes puntos de interese contan con infraestruturas xerais que permiten chegar o seu carón, contando nalgúns casos con estradas, aparcadoiros e mesmo pasarelas de madeira, no en tanto, nas citadas praias non está resolta a accesibilidade ata o propio areal, ben porque non dispoñen de ramplas e itinerarios practicables ou ben porque éstos non cumpren a normativa vixente.

Polo seu lado, o tramo de 1,4Km da ruta PRG 148 presenta graves deficiencias no seu firme debido ao tránsito que soporta, as duras condicións climatolóxicas e a deficiente canalización de escorrentas. Tamén son imprescindibles labores de limpeza das zoas invadidas por maleza e a retirada ou recolocación das pedras que configuran a maior parte do firme.

As actuacións de mellora precisarán novos carteis e outros que substitúan os actuais deteriorados polo paso do tempo e puntuais actos vandálicos.

#### **MD 3.4. BENEFICIARIOS**

Coa execución da presente obra veranse beneficiados todos os residentes do Concello de Ponteceso máis aqueles visitantes atraídos polo seu valor turístico.

## MD.4. DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

### MD 4.1. PRAIA DE OSMO

#### MD 4.1.1. DESCRIPCIÓN XERAL



- Parroquia:** Corme Porto (Virxe dos Remedios).  
**Lugar:** Corme Porto.  
**Coordenadas:** Latitude: 43° 15 ' 57" N -Lonxitude:8° 57 ' 28" W.
- Servizos:** Aparcadoiro no entorno, duchas, servizo de limpeza diario\*, servizo de vixilancia\*, servizo de WC adaptado\*, sinalización do estado da mar\*, WC adaptados\*, \*no verán.
- Acceso:** Desde Ponteceso, por diante da casa natal do poeta Eduardo Pondal, a carón da ponte sobre o río Anllóns, sae a estrada AC-424 en dirección a Corme -8.2km- contando na entrada da vila de Corme Porto cun desvío a esquerda que indica a praia do Osmo. Accesibilidade: en coche, autobús, a pé.
- Descrición:** Praia en forma de media cuncha, situada no entorno semiurbán do núcleo de Corme Porto. De arena branca e fina, é unha praia resgardada do vento e con ondas moderadas. Dispón dunha zona de fondeo de embarcacións a 500m. da praia, no porto de Corme. Ambiente tranquilo e pouco masificado. Nesta praia hai un espazo denominado "A Furna" no que se celebra un festival musical "A furna dos encantos". Enfronte a praia ábrese unha ampla panorámica que conta con bateas. Desta praia nace un paseo peonil de 200m que mira ao mar recorrendo a costa ata a praia da Arnela e rematando no pobo de Corme.
- Características:** Praia resgardada.  
Lonxitude: 350m.  
Ocupación no verán: Media.  
Tipo de area: fina.
- Distancias:** Corme Porto:1km/ Parada de autobús.  
Carballo: 35km /Estación de autobuses.  
A Coruña:65 km /Estación de tren /Aeroporto.  
Santiago:76/Estación de tren/Aeroporto.

#### MD 4.1.2. ESTADO ACTUAL

Na actualidade, a praia de Osmo presenta un bo estado de mantemento contando cun muro de pedra de cantaría que debuxa unha rampla principal de gran pendente e outra menor acompañada dunha pequena escaleira con chanzos de formigón en masa. En calquera dos casos, as dimensións e pendentes destes elementos nos cumpren a normativa de accesibilidade.

[Ver reportaxe fotográfico e plano do estado actual]

#### MD 4.1.3. ACTUACIÓNS

Na busca da mellora das actuais condicións de accesibilidade propónse a execución dunhas obras tendentes a definir un itinerario adaptado mediante a incorporación dunha pasarela en forma de rampla de madeira sobre caixón de aceiro cortén con desenrolo paralelo o actual muro, fixando a súa pendente máxima no 6% e contando con pasamáns en ámbolos lados do itinerario.

[Ver plano da actuación EA01 e A01]





## MD 4.2. PRAIA DE HERMIDA

### MD 4.2.1. DESCRICIÓN XERAL



Parroquia: Corme Aldea (San Adrián).

Lugar: Gondomil.

Coordenadas: Latitude:43° 15´51" N - Lonxitude:8° 56´60" W.

Servizos: Aparcadoiro preto da praia, duchas, servizo de limpeza diario\*, servizo de vixilancia SOS\*, servizo de WC adaptado\*, sinalización do estado do mar\*, WC adaptados\*, ramplas de acceso para persoas con diversidade funcional, \*no verán.

Acceso: Desde Ponteceso, por diante da casa natal do poeta Eduardo Pondal, a carón da ponte sobre o río Anllóns sae a estrada AC-424 en dirección a parroquia de Corme Aldea, a 7.7km existe un desvío a esquerda que indica a praia da Ermida e a Pedra da Serpe.  
Accesibilidade:en coche, en autobús, a pé.

Descrición: Praia en forma de media cuncha, situada nun entorno rural. De area branca e fina. É una praia venteada e con ondas moderadas. Desde a praia percíbese unha panorámica da illa da Estrela, que se conta que estivo unida á terra por un brazo de area, da que só queda a actual praia. Na illa existía a ermita da virxen da Estrela e un castro celta, do que só queda un monte de pedras levantadas sobre restos romanos.

Características: Praia venteada.

Lonxitude: 350m.

Ocupación no verán:Media.

Tipo de area: fina.

Entorno: A praia conta cun denso piñeiral con merendeiro e área recreativa.

Distancias: Corme Porto:1km/ Parada de autobús.

Carballo: 35km /Estación de autobuses.

A Coruña:65 km /Estación de tren /Aeroporto.

Santiago:76/Estación de tren/Aeroporto.

#### MD 4.2.2. ESTADO ACTUAL


Na actualidade, a praia de Hermida presenta un bo estado de mantemento contando cun amplo percorrido sobre pasarela de madeira que conecta o aparcadoiro ca propia praia.

[Ver reportaxe fotográfico e plano do estado actual]

#### MD 4.2.3. ACTUACIÓNS

En termos de accesibilidade, este caso é o que menor intervención require dado que cumpre cos estándares e normativas vixentes. Nembargantes, a proposta pasa polo elongamento dun pequeno tramo de 20ml de pasarela de madeira para rematar nun novo espazo en forma de plataforma/miradoiro duns 50m<sup>2</sup>. A súa morfoloxía permitirá xerar un espazo de estancia e descanso con bancos para a contemplación das vistas, e mesmo soporte doutras instalacións como WC ou SOS.

[Ver plano da actuación EA02 e A02]



## MD 4.3. PRAIA DE BALARÉS

### MD 4.3.1. DESCRICIÓN XERAL



- Parroquia:** Cospindo (San Tirso).  
**Lugar:** Balarés.  
**Coordenadas:** Latitude: 43°14'37" N - Lonxitude: 8° 56'39" W.
- Servizos:** Aparcadoiro, duchas, servizo de limpeza diario\*, servizo de vixilancia\*, servizo de WC adaptado, sinalización do estado do mar\*, WC adaptados, porto, restaurante ao carón da praia, \*no verán.
- Acceso:** Desde Ponteceso, cóllese a estrada AC-424 en dirección a Corme. O chegar a O Couto, tómase un desvío a esquerda en dirección Balarés, que leva a praia a 2.5 km.  
**Accesibilidade:** en coche, a pé, en autobús.
- Descrición:** Praia situada na ría de Corme e Laxe, nun extremo do monte Branco. O entorno natural dispón de magníficas vistas panorámicas sobre todo o percorrido con puntos de observación singulares como o miradoiro monte Branco sobre a desembocadura do río Anllóns. A praia de Balarés ten forma de enseada, cunha arena branca e fina, e ondas moderadas. Durante a Segunda Guerra Mundial exportábase volframio para os alemáns, dende un embarcadoiro situado nun extremo do areal, do que aínda quedan restos.
- Características:** Praia resgardada.  
Lonxitude: 350m.  
Ocupación estival: Alta.  
Tipo de arena: fina.  
Contorno: Praia, piñeiral, merendeiro, restaurante a carón da praia.
- Distancias:** Ponteceso: 3.5km/ Parada de autobús.  
Carballo: 25km /Estación de autobuses.  
A Coruña: 55 km /Estación de tren /Aeroporto.  
Santiago: 66/Estación de tren/Aeroporto.





## MD 4.4. RUTA PRG-148

### MD 4.4.1. DESCRICIÓN XERAL



Parroquia: Cospindo (San Tirso).

Lugar: Balarés.

Coordenadas: Latitude: 43°14'37" N - Lonxitude: 8° 56'39" W.

Servizos: Aparcadoiro.

Acceso: Desde Ponteceso, cóllese a estrada AC-424 en dirección a Corme. O chegar ao estuario pódense comezar os diferentes tramos da ruta. Accesibilidade: en coche, a pé, en autobús.

Descrición: A ruta Pondaliana Val Nativo é una ruta homenaxe ao poeta pontecesán Eduardo Pondal que quere achegar e difundir a súa figura, a vez que contribúe á dinamización turística do municipio de Ponteceso e da Costa da Morte. Esta ruta natural parte da praza do Recheo, onde está o monumento conmemorativo inaugurado en 1981, e continúa polos catorce monolitos que marcan lugares significativos na obra do autor do himno galego.

Pola ribeira do río Anllóns, no confluir do cauce co mar, polo verde e produtivo val e ata o cumio do monte Branco discorre este camiño de catro kilómetros entre ida e vota. Os monolitos, catro deles de dous metros, e os outros dez dun metro de altura, serán as guías pétreas dos pasos do camiñante e o ciclista.

Características: Ruta de dificultade media.

Lonxitude: 1.400m. (tramo contemplado na presente memoria).

Ocupación: Baixa polo seu estado.

Tipo de firme: terra e empedrado irregular.

Desnivel acumulado: 565m.

Accesibilidade: non é accesible para a persoas con mobilidade reducida PMR.

Distancias: Ponteceso:3.5km/ Parada de autobús.

Carballo: 25km /Estación de autobuses.

A Coruña:55 km /Estación de tren /Aeroporto.

Santiago:66/Estación de tren/Aeroporto.

#### MD 4.4.2. ESTADO ACTUAL

Aínda que suma máis de 4,0Km, o tramo que nos ocupa da ruta PRG 148, e en especial o coñecido como tramo da ruta Pondaliana, presenta una lonxitude de 1.400m.

Este tramo parcial comeza na enseada da Insua e remata na glorieta que da acceso ao miradoiro do Monte Branco e podemos subdividir o seu percorrido en tres tramos de características diferentes.

No primeiro tramo, onde atopamos os monolitos de “Currás e a Mantigueira” e “Había unha princesa moura encantada”, as características do firme son aceptables ao tratarse dun sendeiro de mestura de terra e pedras sensiblemente uniforme, de suaves pendentes e cunha sección de 2,50m.

No tramo intermedio, atopamos un camiño moito máis complexo, formado por un empedrado basto e moi irregular, con pezas soltas e lavadas polas escorrentas da ladeira onde se atopa. As pendentes son variables chegando a acadar porcentaxes moi elevadas que converten a ruta nun perigoso camiño que estreita por momentos a súa sección ata os 2,00m. Acompaña o sendeiro dous tramos de muro parcialmente derrubado que compre estabilizar.

Por último, un terceiro tramo que remata na glorieta que contén o monolito “Escuro enigma eu son”. Neste caso recupérase a tipoloxía de pavimento inicial con mestura de terra e pedras compactado e sensiblemente uniforme, de suaves pendentes e cunha sección que se reduce a 1,50m. Debido o crecemento natural da vexetación, este tramo de menor sección vese comprometido, precisando labores de desbroce de lindeiros.

[Ver reportaxe fotográfico e plano do estado actual EA04]

#### MD 4.4.3. ACTUACIÓNS

Partindo da consideración de ruta non accesible para persoas con mobilidade reducida e sendo o obxectivo a mellora das condicións actuais, a actuación limitarase a limpeza e consolidación do firme mediante tarefas que permitan cribar as pedras soltas, asentarse e recompoñer puntos críticos. Os elementos de carácter pétreo de tamaño grandes serán consolidadas, os de tamaño medio empregaranse para a consolidación de muros e os restantes depositaranse nas cunetas liberando o paso efectivo do peóns.

Será vital a canalización de dous tramos afectados por escorrentas naturais e que lavan de forma continuada o camiño acelerando o seu deterioro. Estas actuacións levaranse a cabo toda vez que supoñen medidas de mellora para a utilización do tramo descrito, tratando de acadar as mellores condicións de seguridade.

[Ver plano da actuación EA04 e A04]

## MD.5 RELACIÓN DE MATERIALES E ACABADOS PROPOSTOS

### MD 5.1. PARÁMETROS QUE DETERMIÑAN AS PREVISIÓNS TÉCNICAS CONSTRUTIVAS

Para seren subvencionables, as obras propostas empregan materiais construtivos que permiten a integración harmónica e respectuosa coa contorna en que se atopa o recurso. Neste senso, evitase por completo o uso de asfalto e formigón xa que visualmente poden ser agresivos co medio.

En todo caso cúmprese a normativa vixente en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas de Galicia.


A continuación se presenta unha **RELACIÓN EXHAUSTIVA (indicando calidades) DOS MATERIAIS e ACABADOS PROPOSTOS** que se empregarán nos distintos puntos da intervención.

#### MD 5.1.1. SISTEMA ESTRUTURAL

##### PERIODO DE SERVIZO

O período de servizo previsto é o fixado pola normativa vixente.

##### CIMENTACIÓN

Sistema Estrutural: Cimentación	
Descrición do Sistema	A determinar con correspondente estudo xeotécnico ou por estimación directa doutras obras similares realizadas recentemente no entorno inmediato.
Parámetros e material	Para la construción obxecto do presente proxecto optárase polo emprego dos mínimos elementos de cimentación sendo necesarios en casos particulares a execución de pilotaxes con cilindros de madeira impregnada. Pino Radiata impregnado con preservantes CCA-C, proporciónalle ao pilote unha gran resistencia ao ataque de axentes biolóxicos (furadores mariños, fungos e insectos), transformándoo nun produto de longa duración. Fixacións de aceiro inoxidable mariño AISI 316 aparafusadas.
Estimación da Tensión Admisible do Terreo	Tensión admisible estimada do terreo de 0.20N/mm <sup>2</sup> .
Imaxe	

#### ESTRUTURA PORTANTE

Sistema Estrutural: Estrutura Portante	
Descrición do Sistema	O sistema estrutural das pasarelas propostas componse dunha estrutura principal en forma de caixón de aceiro cortén pasivado de longa duración de espesor 10mm sobre o que se asenta o entarimado do chan.



Parámetros e material	Prancha de aceiro con resistencia mellorada a corrosión atmosférica (corten) S355J0WP, de 10 mm de espesor, cortada a medida pra colocar con fixacións mecánicas, cunha masa superficial de 76,49 kg/m <sup>2</sup> , ancorada a cimentos puntuais. Este material ten un acabado que lle proporciona unha gran resistencia ao ataque de axentes atmosféricos, transformándoo nun produto de larga duración. Fixacións de aceiro inoxidable mariño AISI 316 aparafusadas.
Imaxe	

ESTRUCTURA HORIZONTAL / SISTEMA DE ACABADOS

Sistema Estructural: Estructura Horizontal	
Descrición do Sistema	Proxéctase un pavimento ríxido formado por tarima con tablón de madeira de pino tratado en autoclave acabado natural de 1500x120x3cmunidos mediante clavazón a travesaños de madeira.
Parámetros e material	O material a empregar é Pino Radiata impregnado con preservantes CCA-C, xa que lle proporciona ao elemento unha gran resistencia ao ataque de axentes biolóxicos (furadores mariños, fungos e insectos), transformándoo nun produto de larga duración. Fixacións de aceiro inoxidable mariño AISI 316 aparafusadas.
Imaxe	

MD 5.1.2. SISTEMA ENVOLVENTE / VARNADAS

Paramentos e varandas	
Descrición do Sistema	Sistema de varanda múltiple con pasamáns a dúas alturas, formado por listóns de sección variable en madeira de pino tratado en autoclave con fixacións de aceiro inoxidable mariño AISI 316 aparafusadas. O sistema xera un paramento vertical de protección a ambos lados da pasarela.
Parámetros e material	O material a empregar é Pino Radiata impregnado con preservantes CCA-C, xa que lle proporciona ao elemento unha gran resistencia ao ataque de axentes biolóxicos (furadores mariños, fungos e insectos), transformándoo nun produto de larga duración. Fixacións de aceiro inoxidable mariño AISI 316 aparafusadas.
Imaxe	



## MD.6 RELACIÓN DETALLADA DOS MOBLES E EQUIPAMENTOS

### MD 6.1. SISTEMA DE MOBLES E EQUIPAMENTOS

Bancos	
Descrición do Sistema	Se introducen na proposta elementos para o descanso como son os bancos para exteriores antivandálicos fixados ao chán.
Parámetros e material	Suministro e colocación de banco con respaldo, de listóns de madeira tropical de 12,0x3,0 cm dispostos en vertical, de sobre sinxelo de 180 cm de lonxitude, tratado con protector funxicida, insecticida e hidrófugo e vernizado con verniz para exteriores de poro aberto e acabado natural, con soportes de chapa pregada e parafusos e pasadores de aceiro cadmiado, fixado con tacos e pernios de aceiro a superficie de soporte. Totalmente montado.
Imaxe	

### MD 6.2. SINALIZACIÓN

Os materiais e características da sinalización deberán respectar o manual oficial de sinalización turística da Xunta de Galicia, Decreto 85/2012, do 16 de febreiro (DOG núm. 47, do 7 de marzo) e os correspondentes manuais de sendeiros homologados ou de centros BTT.

Os paneis interpretativos deberán utilizar materiais resistentes á intemperie, ao vandalismo e que ao mesmo tempo harmonicen coa entorna onde se coloquen.

Sinais e paneis interpretativos	
Descrición do Sistema	Se introducen na proposta elementos de sinalización que axuden a guiar o usuario e paneis interpretativos para a actualización dos existentes xa deteriorados.
Parámetros e material	Suministro e colocación de panel interpretativo/informativo con soporte dobre ou sinxelo (dependendo da locación) de madeira laminada tratada en autoclave nivel IV, sección cadrada 90X90, reforzos de aceiro corten con tratamento de oxidación controlado e lacado transparente. Plafón central de aluminio de 2 mm. de grosor con pregadura perimetral de reforzo. Cara posterior lacada color neutro. Gráfica a unha cara con protección contra os raios UV e antigrafiti.
Imaxe	

## MD.7 REPORTAXE FOTOGRÁFICA

A seguinte reportaxe fotográfica recolle vistas xerais dos lugares onde se vai a realizar o investimento tratando plasmar os seus accesos, servizos e contornas.

No cadro recollese o punto dende o que se tomou a imaxe e unha pequena descrición para unha mellor comprensión.

### MD 7.1. PRAIA DE OSMO

Localización	Fotografía
Accesos e aparcadoiro.	
Accesos e aparcadoiro.	
Paseo peonil e duchas.	

Localización	Fotografía
<p>Muro de contención de pedra e rampla do peirao.</p>	
<p>Rampla do peirao e muro do paseo peonil.</p>	
<p>Rampla actual con elevada pendente.</p>	
<p>Escaleiras actuais con chanzos de formigón.</p>	



MD 7.2. PRAIA DE HERMIDA







Localización	Fotografía
Accesos e aparcadoiro.	
Zona de xogos.	
Comezo la pasarela de madeira.	
Piñeiral con merendeiro.	

Localización	Fotografía
<p>Pasarela de transito ata a praia.</p>	
<p>Pasarela de transito ata a praia.</p> 	
<p>Zona de dunas da contorna. Praia de Hermida</p>	
<p>Zona de dunas da contorna. Praia de Hermida</p>	



MD 7.3. PRAIA DE BALARÉS

Localización	Fotografía
Accesos e aparcadoiro.	
Piñeiral con merendeiros a esquerda e dereita da estrada de acceso.	
Área de aparcadoiro inmediata a praia con ringleira de bancos. De fondo o restaurante e o peirao.	
Porto.	

Localización	Fotografía
<p>Pasarelas de madeira acompañadas de bancos e duchas.</p> <p>Paneis derrubados.</p> 	
<p>Escollera que deslinda o areal con terreo circundante.</p> <p>As pedras e cantos rodados dificultan o acceso a praia</p> 	
<p>Escaleira e rampla de pedra situada na proxección da escollera.</p>	
<p>Praia co piñeiral ao fondo.</p>	



MD 7.4. RUTA PRG-148

Localización	Fotografía
<p>Área de aparcadoiro próxima.</p>	
<p>Comezo do tramo do sendeiro na súa cota baixa onde se atopan dous monolitos adicados a Eduardo Pondal e un pequeno regato.</p>	
<p>Tramo inicial con firme de terra en correctas condicións.</p>	
<p>Tramo inicial con firme de terra en correctas condicións. Encontramos dous muros de contención de mamposto característico da zona.</p>	



Localización	Fotografía
<p>Terzo central do camiño onde as condicións do firme presentan máis deficiencias.</p> <p>Pendente moi elevada.</p> <p>Pavimento formado por pedras e bolos con gran cantidade de pezas soltas.</p>	
<p>Problemática de escorrentas sen canalizar.</p> <p>Gran cantidade de elementos vexetais coma córtices, polas, follas, etc.</p>	
<p>Tramo correspondente a cota alta da ruta, chegando a glorieta de acceso ao Miradoiro do Monte Branco.</p> <p>O sendeiro perde sección e presenta invasión de vexetación.</p>	

## MD.8 ORZAMENTO

A continuación achégase un orzamento detallado, agrupado por partidas, dos gastos necesarios para a execución do proxecto.

### MD 8.1. ORZAMENTO DESGLOSADO POR PARTIDAS

01	C01	ACTUACIONES PREVIAS	584,00	1,17 %
02	C02	MOVIMIENTO DE TIERRAS	8.316,01	16,63 %
03	C03	CIMENTACIÓN Y ESTRUCTURA	17.301,47	34,60 %
04	C04	FIRMES Y PAVIMENTOS	15.427,20	30,85 %
05	C05	REVESTIMIENTOS EXTERIORES	2.505,89	5,01 %
